

Escola Superior de
Enxeñaría Informática
Mestrado en Enxeñaría Informática

Informe final

2018-2019



Plan de Acción Tutorial

Táboa de contidos

| | |
|---|----------|
| Presentación..... | 2 |
| Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado | 3 |
| Grao de Consecución dos Obxectivos | 5 |
| Avaliación dos Indicadores | 7 |
| Análise Final de Seguimento (media) dos implicados | 8 |
| Melloras a introducir para o curso 2019-2020..... | 8 |

Presentación

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto).
- A idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Os datos da avaliación constituirán un elemento para a reflexión que contribuirá ao perfeccionamento profesional e a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral.

Constitúe unha ferramenta esencial, xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Enténdese, polo tanto, que a avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar produtos, avalía o proceso, permitindo introducir melloras de forma continua e contribuíndo finalmente á mellora da calidade e da excelencia da educación. De acordo a isto establécese o seguinte tipo de avaliación: **Avaliación procesual, formativa e criterial**, que ademais se fixa en tres momentos:

Inicial: detectando o punto de partida despois da análise de necesidades, para axustar a intervención e previr.

Continúa: o desenvolvemento da actividade orientadora e titorial será obxecto dunha avaliación continua de carácter formativo, co obxectivo de favorecer a introdución das modificacións precisas, se fose o caso.

Final: a valoración global das accións realizadas, onde se analizará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

| Ficha para a Avaliación do PAT do MEI | | | | | |
|--|--|----------------------------|----------------------------|---|------------------|
| Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha X) | | | Xustificación | Nº de Asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Sesión de Organización-Presentación | | | X | Desenvolveuse con total normalidade. | 5 alumnos |
| Análise-Avaliación Final do PAT | | | X | Estableceuse en base ás enquisas do alumnado e foi avaliado pola coordinación | |
| Reunión Alumnado-Titor (Incluír unha fila por cada reunión realizada) | | | | | |
| Data da reunión | Xustificación | | | | Nº de Asistentes |
| 17/10/2018 | Reunión inicial co alumnado para a presentación do PAT e a posta a disposición da coordinadora como titor. | | | | 5 |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha X) | | | Xustificación | Nº de Asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse e Totalmente | | |
| Atención á Diversidade | X | | | | |
| Conclusións | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> - Aínda que se ofreceu ao alumnado a posibilidade de organizar reunións ao longo do curso baixo demanda, non se recibiu ningunha petición ao respecto. - Si se resolveron dúbidas mediante correo electrónico, centradas sobre todo en temas administrativos (prazos, documentación, etc) que foron contestadas polo coordinador. | | | | | |

Ficha para a Avaliación do PAT do MEI

Grao de Consecución dos Obxectivos

Obxectivos Xerais

| Obxectivo | (Marca cunha X) | | | Xustificación |
|---|-----------------|----------------------|---------|---|
| | Non Logrado | Parcialmente logrado | Logrado | |
| Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao/á estudante durante o seu paso pola universidade. | | | X | Nas consultas recibidas incluíronse aspectos de orientación de prácticas. |
| Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para os/as estudantes mediante a posta a disposición dos/as estudantes da Coordinación do Máster. | | | X | O alumnado parece satisfeito e en moitos casos é autónomo na resolución. |
| Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria. | | X | | Aínda que asisten a eventos, non soen participar nas Comisións. |
| Ampliar a información que os/as estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar.... | | | X | A través da coordinación o alumnado obtén información e solución a estes aspectos. |
| Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do/a estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo. | | | X | Considerase adquirido o grao de autonomía, o traballo en equipo non se viu reforzado polo PAT. |
| Entender a función do profesorado como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do/a estudante para lograr progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo. | | | X | Dada a boa relación dos alumnos co profesorado, e a elevada autonomía destes entendemos que está logrado. |
| Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo. | | X | | Estas cuestións foron transmitidas na presentación, pero non se dispón de feedback de se foron ou non acadados. |

Conclusións

- Dada a ausencia de conflitos e queixas ao longo do curso e a elevada autonomía amosada polos alumnos estimamos que en xeral o obxectivo do PAT está logrado.
- En todo caso o alcance dos obxectivos é difícil de avaliar debido a que o alumnado interesouse so parcialmente polo PAT, xa que se consideran suficientemente orientados

Ficha para a Avaliación do PAT do MEI

Grao de Consecución dos Obxectivos

Obxectivos Específicos

| Obxectivo | (Marca cunha X) | | | Xustificación |
|--|-----------------|----------------------|---------|---|
| | Non Logrado | Parcialmente logrado | Logrado | |
| Mellorar a implicación dos/as estudantes na Xestión do Centro e do Máster. | X | | | Seguimos sen participación dos alumnos nas comisións |
| Mellorar a satisfacción dos/as estudantes coa formación recibida. | | X | | Os estudantes amósanse razoablemente satisfeitos (3.55 sobre 5 segundo as enquisas no curso 2017/18) |
| Mellorar os indicadores do título | | X | | Os indicadores mantéñense nuns valores positivos pero aínda hai marxe de mellora no relativo á duración media dos estudos |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

Conclusións

- A metade dos alumnos participaron na reunión inicial do PAT, e case todos fixeron algunha consulta por correo ao longo do curso.
- Considéranse os obxectivos parcialmente acadados, salvo polo que respecta a participación activa dos alumnos na xestión do centro. Unha das razóns desta falta de implicación pode ser a curta duración da titulación.

Ficha para a Avaliación do PAT do MEI

Avaliación dos Indicadores

| Indicador | (Marca cunha X) | | | Xustificación |
|--|-----------------|-----------|----------|---|
| | Empeorou | Mantívose | Mellorou | |
| Alumnos/as matriculados de novo Ingreso | | X | | Houbo 11 alumnos de novo ingreso, case o mesmo que o ano anterior |
| Alumnos/as matriculados totais no centro | | X | | O alumnado e practicamente o mesmo co ano anterior (534 en 2016/17 e 550 en 2017/18) |
| Egresados/as da titulación | | X | | curso 2013-14: 5 curso 2014-15: 15 curso 2015-16: 11 curso 2016-17: 13 curso 2017-18: 13 |
| Taxa de Graduación | | X | | curso 2012-13: 33%, curso 2013-14: 69% curso 2014-15: 75% curso 2015-16: 64% |
| Taxa de Abandono | | X | | curso 2012-13: 33% curso 2013-14: 13% curso 2014-15: 8% |
| Taxa de Eficiencia | | X | | curso 2013-14: 100% curso 2014-15: 96% curso 2015-16: 94% curso 2016-17: 90% curso 2017-18: 98% |
| Nº de Alumnos/as Enviados/as en Programas de Mobilidade | | | | Non estaba prevista a mobilidade para mestrados na Uvigo. Estase a implantar nestes momentos na Uvigo |
| Nº de Alumnos/as Recibidos/as en Programas de Mobilidade | | | | Non estaba prevista a mobilidade para mestrados na Uvigo. Estase a implantar nestes momentos na Uvigo |
| Taxa de Inserción Laboral | | | | Non dispoñible |

Conclusións

- Os indicadores mantéñense en valores semellantes aos de anos anteriores, xa que as variacións non se consideran relevantes.
- Dado o reducido número de estudantes da titulación, os resultados sofren importantes variacións de ano en ano, posto que os datos dun so estudante fan varias significativamente os índices.

| Ficha para a Avaliación do PAT do MEI | | | | |
|--|-----------------|-----------|----------|---|
| Análise Final de Seguimento (media) dos implicados | | | | |
| Ítem | (Marca cunha X) | | | Xustificación |
| | Empeorou | Mantívose | Mellorou | |
| Satisfacción coa información e documentación do PAT | | X | | Hai satisfacción co procedemento do PAT, pero bastante indiferencia e pouca participación activa |
| Satisfacción coas expectativas | | X | | A resposta mais común é "pouco", se cadra porque os estudantes lembran o PAT do grao, con mais reunións e participación activa. |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| Conclusións | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> - A satisfacción xeral co título é positiva, de acordo coas enquisas de satisfacción globais. - A satisfacción co PAT é mais modesta, con respostas boas no que respecta a información (100% ben) e coordinación (75% ben), pero peores en relación a expectativas (75% pouco) e a utilidade (75% pouco). Hai que ter en conta que so 4 estudantes cubriron a enquisa de satisfacción. - En liñas xerais, o alumnado que espera un plan similar ao do Grao síntese decepcionado, sen embargo os que coñecen o PAT do MEI, valóranlo positivamente. | | | | |

Melloras a introducir para o curso 2019-2020

- Introducir unha segunda reunión de grupo ao inicio do segundo cuadrimestre?
- Ampliar o PAT a segundo curso
- Reorientar o PAT cara a proporcionar información e organizar actividades sobre orientación profesional
- Aumentar a participación dos estudantes na xestión (plans de mentorización, comisións, etc.).